



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

EXPEDIENTE:

SOLICITANTE: Concellería de Deportes

SITUACIÓN: PP Navia

Á vista dos datos que obran no expediente emítense o seguinte

AMPLIACIÓN DE INFORME

De conformidade co *Real decreto legislativo 1/2008 de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos*, os proxectos para a realización de obras, instalacións o calquera outra actividade comprendidas no anexo I do citado Real decreto legislativo, deberán someterse a avaliación de impacto ambiental e os proxectos comprendidos no anexo II soamente cando así o decida o órgano ambiental en cada caso.

A construción dunha instalación deportiva non é unha actividade comprendida nin no anexo I nin no anexo II do citado Real decreto legislativo, polo que non está sometido a avaliación de impacto ambiental.

A actividade tampouco está comprendida no anexo I do *Decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental*, nin ten a consideración de molesta, insalubre, nociva ou perigosa, consonte as definicións contidas no artigo 13 da *Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia*, polo que tampouco está sometido ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Sen embargo a autorización do proxecto de construción da instalacións deportivas e piscina, estará sometido ao procedemento descrito no *Decreto 103/2005 Regulamentación técnico a-sanitaria de piscinas de uso colectivo* e ao *Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas*, *Real decreto 2816/1982*, xa que as actividades a desenvolver no establecemento inclúense no *Catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Comunidade Autónoma de Galicia*.

Vigo, 25 de marzo de 2013
A ARQUITECTA MUNICIPAL
XEFA DA ÁREA TÉCNICA


Mª Luisa Sobrino del Río



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

EXPEDIENTE:

SOLICITANTE: Concellería de Deportes

SITUACIÓN: PP Navia

Á vista dos datos que obran no expediente emitese o seguinte

INFORME

Solicítase informe urbanístico sobre as condicións de edificación da parcela destinada a usos deportivos no ámbito do Plan parcial de Navia.

No Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente por orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de data 16 de maio de 2008 e orde da Consellería de data 13 de xullo de 2009, a parcela situase en solo urbanizable delimitado, no ámbito do sector S-72- R NAVIA, que recolle o Plan Parcial aprobado definitivamente en sesión plenaria do 3 de xuño de 1996 e a modificación puntual num 1 aprobada en sesión plenaria o 25 de abril de 2005.

De conformidade co Plan Parcial aprobado a parcela D.2. emprazase nunha zona de equipamento deportivo. As condicións de edificación establecidas na Normativa Urbanísticas do Plan Parcial para esta parcela, son aquelas derivadas das características do uso que se pretende, sen mais limitacións cas que estableza a normativa sectorial de aplicación.

Ademais da normativa sectorial de aplicación en función do uso deberá cumprir as condicións para os usos dotacionais e nomeadamente os usos dotacionais deportivos establecidas no capítulo 5.5 das norma urbanísticas do Plan Xeral vixente:

- Condicións de habitabilidade e hixiene. Cumprirán as condicións construtivas, hixiénicas e sanitarias que determinen especificamente as disposicións vixentes sobre materia deportiva, así como as disposicións vixentes, que se é o caso lles sexan aplicables, sobre espectáculos que lles sexan de aplicación (Regulamento de Policía de Espectáculos Públicos)
- Non permitirase o uso das plantas en soto para estancias videiras ou de reunión, agás cumprimento de condicións análogas ós usos Terciario Xeral. Será admisible nas mesmas o uso de almacén e instalacións do centro.
- Serán de obrigado cumprimento as disposicións da Lei 8/1997, de 20 de agosto, sobre Accesibilidade e Supresión das Barreiras e do Regulamento que a desenvolve ou normativa que a complementa ou substitúa.
- En tódalas instalacións dotacionais cumprírase en todo caso a regulación establecida por razóns de protección de incendios polo Código Técnico da Edificación.
- Cando se proxecten instalacións deportivas sobre solo público utilizarase como normativa de deseño a establecida polos organismos sectoriais competentes.
- En instalacións cubertas e en obras de nova planta a altura mínima entre plantas da edificación será de 3,60 metros, non admitíndose sotos con estancias habitables ou que non estean destinadas a almacén de material ou instalacións mecánicas do centro.
- Condición de Garaxe-aparcadoiro: A reserva de prazas de aparcadoiro deberá establecerse mediante a aplicación xustificada das necesidades que correspondan por razón do uso, o persoal ó servizo da dotación e as previsións de afluencia de público. Utilizaranse os criterios comparativos que procedan con usos asimilables a xuízo dos técnicos municipais.

APROBADO NA SESIÓN PLENARIA
DE GOBERNO LOCAL DE DATA

02 ABR. 2013

O Secretario do Goberno

Vigo, 11 de marzo de 2013
A ARQUITECTA MUNICIPAL
XEFA DA ÁREA TÉCNICA

M^a Luisa Sobrino del Río